



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE**  
**(ACTA NÚMERO 29)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández.

D. José Luís Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e cinco de setembro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZAOITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaeito de setembro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓNS ÁS PERSOAS MAIORES NOS CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES DE CASTROVERDE E PEDRAFITA DO CEBREIRO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación de prestacións ás persoas maiores nos centros de atención a maiores de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV IV7GUSJZJX5YYWXZYZNBIPQC4A<sup>1</sup>.

Memoria xustificativa, con CSV: IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Técnica do Servizo de Benestar Social e Igualdade, con CSV: IV7GUSIOYE7NZ35DVVUR632CG4.

---

<sup>1</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:  
IV7GU3T73VP3WXETW7X5CL2A54.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:  
IV7GVXASJP5CRWXPW4FRL7XGM4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV:  
IV7GVXLLZVXO73GL2VVUEV3TEI.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Presidencia, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación de prestacións ás persoas maiores nos centros de atención a maiores de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro, cunha duración ata o día 20 de xuño de 2022.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do

contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 2.108.845,66 euros. O orzamento base de licitación inclúe 81.109,45€ euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 4%; importe que se engade aos 2.027.736,21 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose:

TOTAL ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	TOTAL S/IVA	IVA (4 %)	TOTAL C/IVA
LOTE 1 - CAM CASTROVERDE	1.045.105,00€	41.804,20€	1.086.909,20€
LOTE 2 - CAM PEDRAFITA DO CEBREIRO	982.631,21€	39.305,25€	1.021.936,46€
TOTAL LICITACIÓN	2.027.736,21€	81.109,45€	2.108.845,66€

O importe do contrato finánciase de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	LOTE 1- CASTROVERDE	LOTE 2 - PEDRAFITA DO CEBREIRO	IMPORTE
2020	2315.22799	127.845,80 €	126.176,43 €	254.022,23 €
2021	2315.22799	649.484,54 €	607.080,69 €	1.256.565,23 €
2022	2315.22799	309.578,86 €	288.679,34 €	598.258,20 €
TOTAL		1.086.909,20 €	1.021.936,46 €	2.108.845,66 €

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 254.022,23 €, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 e 2022 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio.

As anualidades non excederán de 4 anos.

Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

Cúmprense os requisitos 2º e 3º e está previsto que o gasto se inicie no presente exercicio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DE PORTOMARÍN.- CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES- APARTAMENTOS TUTELADOS E CENTRO DE DÍA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 24/08/2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións: “(...)

Convenio interadministrativo asinado entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na Construción do centro de atención a persoas maiores (apartamentos tutelados e centro de día), aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 15/06/2018 e rectificación de erros o 3/08/2018, e asinado o 03/08/2018, así como addenda ao mesmo aprobado por Xunta de Goberno en data 15/02/2019, e asinada o 26/02/2019.

Orde de inicio de expediente de contratación de data 27/12/2018.

Informe de necesidade, emitido pola Sección de Benestar Social e Igualdade, en data 27/12/2019.

Informes do Servizo de Arquitectura relativos ao inicio do procedemento de licitación.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: Proxecto básico e de execución: Centro de atención a maiores (apartamentos tutelados e centro de día) no concello de Portomarín, redactado pola Arquitecta D<sup>a</sup>. Mónica Marras Mosquera.

Informe favorable de supervisión do proxecto, de data 09/01/2019.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, de data 27/02/2019.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, de data 28/02/2019.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 01/03/2019, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación, o día 14/03/2019, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 26/04/2019, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B). De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 08/05/2019, na que se procedeu á apertura das ofertas das mercantís presentadas e valoración dos criterios establecidos no prego. De dita apertura obtívose o seguinte resultado:

PORTOMARÍN - CONSTRUCCIÓN CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES –APARTAMENTOS TUTELADOS E CENTRO DE DÍA  
 ORZAMENTO BASE LICITACIÓN  
 (IVE incluído) 1.762.764,67  
 VALOR ESTIMADO 1.666.613,87 160.251,33 IVE. PARTIDA INDEPEND  
 CLASIFICACION EXIGIDA: C-2-2 /// C-4-3  
 PRAZO DE EXECUCION: 12

MAXIMO  
33.332,28

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)	OUTROS								CRITERIO DESEMPATE	
	PREZO ( IVE incluído - art 102 )	SEGUIMIENTO OBRA TEMPO REAL (3/6/10)	MODELO BIM (8)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION PRAZO EXECUCIÓN (7)	ESTABILIDADE NO EMPREGO (4)			DIVULGACIÓN E POSTA VALOR (4)	Plantel / Discapacitados	
		OPCIÓN (A/B/C)	OPCIÓN (SI/NO)	MESES (max 24)	MAX (2 MESES)	TOTAL	INDEFINIDOS	% INDEFINIDOS	IMPORTE		
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL	1.467.677,86 €	C	SI	24,00	2,00	13,00	11	84,62%	26.933,00 €	13/0
2	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	1.762.764,67 €	-----	NO	0,00	0,00	12,00	9	75,00%	0,00 €	12/0
3	CONSTRUCCIONES OREGA SL	1.488.478,49 €	C	SI	24,00	2,00	18,00	11	61,11%	32.050,27 €	-/-
4	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	1.515.778,17 €	C	SI	24,00	2,00	17,00	5	29,41%	32.050,27 €	17/0
5	CONSTRUCTORA SAN JOSE SA	1.704.593,44 €	C	SI	24,00	2,00	977,00	376	38,49%	32.050,27 €	-/-
6	COPCISA SA	1.449.521,39 €	C	SI	24,00	2,00	335,00	224	66,87%	33.332,28 €	335/0
7	COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL	1.430.000,00 €	C	SI	24,00	2,00	14,00	7	50,00%	10.000,00 €	14/0
8	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCION SA	1.491.122,63 €	C	SI	24,00	2,00	131,00	78	59,54%	32.050,27 €	131/4
9	NORFOREST SL	1.739.842,90 €	C	SI	24,00	1,00	47,00	23	48,94%	31.633,51 €	47/0
10	OBRAS GALLAECIA SL	1.449.706,18 €	C	SI	24,00	2,00	13,00	10	76,92%	26.332,50 €	13/0
11	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	1.543.652,00 €	C	SI	24,00	2,00	11,00	10	90,91%	32.050,00 €	11/0
12	PRADO LAMEIRO SL	1.561.984,60 €	C	SI	24,00	2,00	8,00	7	87,50%	32.000,00 €	8/0
13	PROYECON GALICIA SL	1.461.773,50 €	C	SI	24,00	2,00	106,00	57	53,77%	32.050,00 €	106/1
14	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	1.753.419,80 €	C	SI	24,00	2,00	13,00	8	61,54%	32.050,27 €	13/0
15	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	1.459.392,87 €	C	SI	24,00	2,00	23,00	19	82,61%	27.547,34 €	23/1

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA (A-B)
		Oferta
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL	1.467.677,86 €
2	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	1.762.764,67 €
3	CONSTRUCCIONES OREGA SL	1.488.478,49 €
4	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	1.515.778,17 €
5	CONSTRUCTORA SAN JOSE SA	1.704.593,44 €
6	COPCISA SA	1.449.521,39 €
7	COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL	1.430.000,00 €
8	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCION SA	1.491.122,63 €
9	NORFOREST SL	1.739.842,90 €
10	OBRAS GALLAECIA SL	1.449.706,18 €
11	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	1.543.652,00 €
12	PRADO LAMEIRO SL	1.561.984,60 €
13	PROYECON GALICIA SL	1.461.773,50 €
14	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL -PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	1.753.419,80 €
15	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	1.459.392,87 €

MEDIA  
1.551.980,57

BAIXA DESPROPORCIONADA  
1.396.782,51

10% ARRIBA  
1.707.178,62

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procédese á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel

(folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)		OUTROS (40)											TOTAL		
	Oferta		SEGUIMIENTO WEB (3/6/10)		MODELO BIN (8)		AUMENTO GARANTÍA (7)		REDUCCIÓN EXECUCIÓN (7)		ESTABILIDADE EMPREGO (4)		PLAN DIVULGACIÓN (4)		PUNTOS	
	PREZO (INCLUIDO IVA)	PTOS	OPCIÓN (A-B-C)	PTOS	SI /NO	PTOS	MESES (MAX 24)	PTOS	DÍAS (MAX 90)	PTOS	% INDEFINIDOS	PTOS	IMPORTE	PTOS		
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL	1.467.677,86 €	53,21	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	84,62	3,72	26.933,00 €	3,23	92,16
2	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	1.762.764,67 €	0,00	....	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	75,00	3,30	0,00 €	0,00	3,30
3	CONSTRUCCIONES OREGA SL	1.488.478,49 €	49,46	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	61,11	2,69	32.050,27 €	3,85	88,00
4	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	1.515.778,17 €	44,53	C	3,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	29,41	1,29	32.050,27 €	3,85	74,67
5	CONSTRUCTORA SAN JOSE SA	1.704.593,44 €	10,49	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	38,49	1,69	32.050,27 €	3,85	48,03
6	COPCISA SA	1.449.521,39 €	56,48	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	66,87	2,94	33.332,28 €	4,00	95,42
7	COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL	1.430.000,00 €	60,00	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	50,00	2,20	10.000,00 €	1,20	95,40
8	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCION SA	1.491.122,63 €	48,98	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	59,54	2,62	32.050,27 €	3,85	87,45
9	NORFOREST SL	1.739.842,90 €	4,13	C	3,00	SI	8,00	24,00	7,00	1,00	3,50	48,94	2,15	31.633,51 €	3,80	31,58
10	OBRAS GALLAECIA SL	1.449.706,18 €	56,45	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	76,92	3,38	26.332,50 €	3,16	94,99
11	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	1.543.652,00 €	39,51	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	90,91	4,00	32.050,00 €	3,85	79,36
12	PRADO LAMEIRO SL	1.561.984,60 €	36,20	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	87,50	3,85	32.000,00 €	3,84	75,89
13	PROYECON GALICIA SL	1.461.773,50 €	54,27	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	53,77	2,37	32.050,00 €	3,85	92,49
14	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	1.753.419,80 €	1,68	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	61,54	2,71	32.050,27 €	3,85	40,24
15	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	1.459.392,87 €	54,70	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	82,61	3,63	27.547,34 €	3,31	93,64

A Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 15/05/2019, adoptouse a seguinte Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:



EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL PUNTOS
1	COPCISA SA	95,42
2	COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL	95,40
3	OBRAS GALLAECIA SL	94,99
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	93,64
5	PROYECON GALICIA SL	92,49
6	CONSTRUCCIONES ALEA SL	92,16
7	CONSTRUCCIONES OREGA SL	88,00
8	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCION SA	87,45
9	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	79,36
10	PRADO LAMEIRO SL	75,89
11	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	74,67
12	CONSTRUCTORA SAN JOSE SA	48,03
13	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL -PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	40,24
14	NORFOREST SL	31,58
15	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	3,30

Requirir á empresa COPCISA SA para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas”.

Por escrito, de data 15/05/2019, a mercantil Coto Estudios y Construcciones Ribadeo, solicita que lle sexa requirida á mercantil COPCISA SA, información complementaria a fin de acreditar os datos achegados para a xustificación do criterio de Fomento da estabilidade de emprego, e non se proceda á adxudicación da licitación ata a comprobación da exactitude dos datos aportados pola mercantil COPCISA SA.

Por escrito con rexistro de saída de data 13/06/2019 (achegado por correos, con acuse de recibo de data de recepción de 19/06/2019), foi requirida a mercantil COPCISA SA , para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 65.887,34 euros, concedéndolle a tal efecto, así como documentación xustificativa que acredite fidedignamente os datos declarados en relación co criterio de Fomento da estabilidade do emprego un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil COPCISA SA, complementou documentación a través de escrito de data 12/09/2019.

En data 26 de setembro de 2019, o Servizo de Contratación e Fomento, solicitou do Servizo de Recursos Humanos, informe relativo a se coa documentación achegada acredita os datos indicados na declaración responsable feita pola empresa, informe que foi emitido en data 30/09/2019, e que consta incorporado ao expediente.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 05 de novembro de 2019 deuse conta do informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co amentado informe do Servizo de Recursos Humanos, no que, entre outros, contéñense os seguintes extremos:

“(…)

Así as cousas, este Servizo de Contratación e Fomento, fai seu o informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, e enténdese que queda acreditado o número de traballadores indefinidos declarados pola mercantil na súa declaración responsable -anexo III-bis- (224), que o formarían os 220 que figuran na documentación acreditativa con códigos de contratos indefinidos e os 4 que acreditan con código 540 e derivados de contratos preexistentes indefinidos.

En canto ao número total de traballadores indicados pola empresa (335), entendemos que só queda acreditado 334, ao entender que a persoa que está facendo as prácticas curriculares non se computa como traballador da empresa.

Desde o Servizo de Contratación e Fomento enténdese que debe ser a mesa de contratación quen debe coñecer e valorar esta nova situación, fruto das comprobacións efectuadas, ao abeiro do indicado no PCAP, e da que se produce unha variación respecto da inicial ao non interpretar como traballador unha das persoas que a mercantil computa dentro do seu número de traballadores total.

Desde o Servizo reproducése o declarado e o acreditado (tendo en conta que un non se considera traballador), obténdose os seguintes resultados:

Declarado inicialmente: (anexo III-bis)

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)		OUTROS										CRITERIO DESEMPATE
	PREZO ( INCLUIDO IVA )	PTOS	SEGUIMIENTO OBRA REAL (3/6/10)	MODELO BIM (8)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION PRAZO EXECUCIÓN (7)	ESTABILIDADE NO EMPREGO (4)			DIVULGACIÓN E POSTA VALOR (4)		Plantel / Discapacitados	
			OPCIÓN (A/B/C)	OPCIÓN (SI/NO)	MESES (max 24)	MAX MESES (2)	TOTAL	INDEFINIDOS	% INDEFINIDOS	IMPORTE			
6 COPCISA SA	1.449.521,39 €	C	SI	24,00	2,00	335,00	224	66,87%	33.332,28 €	335/0			

Con unha valoración de:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)		OUTROS (40)										TOTAL		
	Oferta	PTOS	SEGUIMIENTO OBRA REAL (3/6/10)	MODELO BIN (8)		AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION EXECUCIÓN (7)		ESTABILIDADE EMPREGO (4)		PLAN DIVULGACIÓN (4)		PUNTOS		
	PREZO (INCLUIDO IVA)		OPCIÓN (A-B-C)	PTOS	SI /NO	PTOS	MESES (MAX 24)	PTOS	DÍAS (MAX 90)	PTOS	% INDEFINIDOS	PTOS		IMPORTE	PTOS
6 COPCISA SA	1.449.521,39 €	56,48	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	66,87	2,94	33.332,28 €	4,00	95,42

Acreditado (tendo en conta que non se considera traballador unha persoa das acreditadas):

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)		OUTROS										CRITERIO DESEMPATE
	PREZO ( INCLUIDO IVA )	PTOS	SEGUIMIENTO OBRA REAL (3/6/10)	MODELO BIM (8)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION PRAZO EXECUCIÓN (7)	ESTABILIDADE NO EMPREGO (4)			DIVULGACIÓN E POSTA VALOR (4)		Plantel / Discapacitados	
			OPCIÓN (A/B/C)	OPCIÓN (SI/NO)	MESES (max 24)	MAX MESES (2)	TOTAL	INDEFINIDOS	% INDEFINIDOS	IMPORTE			
6 COPCISA SA	1.449.521,39 €	C	SI	24,00	2,00	334,00	224	67,07%	33.332,28 €	335/0			

Do cal se produce a seguinte valoración:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)		OUTROS (40)										TOTAL		
	Oferta	PTOS	SEGUIMIENTO OBRA REAL (3/6/10)	MODELO BIN (8)		AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION EXECUCIÓN (7)		ESTABILIDADE EMPREGO (4)		PLAN DIVULGACIÓN (4)		PUNTOS		
	PREZO (INCLUIDO IVA)		OPCIÓN (A-B-C)	PTOS	SI /NO	PTOS	MESES (MAX 24)	PTOS	DÍAS (MAX 90)	PTOS	% INDEFINIDOS	PTOS		IMPORTE	PTOS
6 COPCISA SA	1.449.521,39 €	56,48	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	67,07	2,95	33.332,28 €	4,00	95,43

A vista do anterior, tanto tendo en conta o declarado inicialmente pola mercantil COPCISA SA, como o acreditado, e atendendo a que non se ten en conta unha das persoas declaradas, ao non entenderse traballador, a mercantil indicada quedaría igualmente primeira clasificada, alcanzando, incluso unha puntuación superior (en 0,01), no caso de ter en conta as puntuacións resultantes de, unha vez comprobada a documentación xustificativa da súa declaración responsable...”

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 16/01/2020 adoptouse a seguinte Resolución: “(...)

Admitir a documentación achegada pola mercantil COPCISA SA, e efectos de acreditar os traballadores totais e indefinidos que figuran a declaración responsable citada.

Corrixir a valoración efectuada na mesa de contratación de data 08/05/2019, fruto da non admisión como traballador dun dos indicados na declaración responsable da empresa, como consecuencia da revisión efectuada, a teor do exposto no informe do Servizo de Recursos Humanos, o que supón que en vez de 335 traballadores totais (declarados e acreditados) sexan tidos en conta soamente 334 (segundo informe), mantendo os 224 declarados indefinidos, o que supón un incremento de 0,01 na puntuación definitiva da mercantil COPCISA SA, sen variar a orde de clasificación, quedando do seguinte xeito:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)	OUTROS								CRITERIO DESEMPATE
	PREZO ( IVE incluído - art 102 )	SEGUIMIENTO OBRA TEMPO REAL (3/6/10)	MODELO BIM (8)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION PRAZO EXECUCIÓN (7)	ESTABILIDADE NO EMPREGO (4)			DIVULGACIÓN E POSTA VALOR (4)	Plantel / Discapacitados
		OPCIÓN (A/B/C)	OPCIÓN (SI/NO)	MESES (max 24)	MAX (2 MESES)	TOTAL	INDEFINIDOS	% INDEFINIDOS	IMPORTE	
6 COPCISA SA	1.449.521,39 €	C	SI	24,00	2,00	334,00	224	67,07%	33.332,28 €	335/0

Do cal se produce a seguinte valoración:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)		OUTROS (40)											TOTAL	
	Oferta	PTOS	SEGUIMIENTO WEB (3/6/10)	MODELO BIN (8)		AUMENTO GARANTÍA (7)		REDUCCIÓN EXECUCIÓN (7)		ESTABILIDADE EMPREGO (4)		PLAN DIVULGACIÓN (4)		PUNTOS	
	PREZO (INCLUIDO IVA)		OPCIÓN (A-B-C)	PTOS	SI/NO	PTOS	MESES (MAX 24)	PTOS	DÍAS (MAX 90)	PTOS	% INDEFINIDOS	PTOS	IMPORTE		PTOS
6 COPCISA SA	1.449.521,39 €	56,48	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	67,07	2,95	33.332,28 €	4,00	95,43

Do que resulta a seguinte puntuación total, sen variación na orde de clasificación:

EMPRESAS / (GRUPO)	TOTAL PUNTOS
1 COPCISA SA	95,43
2 COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL	95,40
3 OBRAS GALLAECIA SL	94,99
4 XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	93,64
5 PROYECON GALICIA SL	92,49
6 CONSTRUCCIONES ALEA SL	92,16
7 CONSTRUCCIONES OREGA SL	88,00
8 JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCION SA	87,45
9 OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	79,36
10 PRADO LAMEIRO SL	75,89
11 CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	74,67
12 CONSTRUCTORA SAN JOSE SA	48,03
13 UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL -PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	40,24
14 NORFOREST SL	31,58
15 CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	3,30

Proseguir cos trámites encamiñados á adxudicación da obra á mercantil COPCISA SA, clasificada en primeiro lugar, ao non producirse variación neste senso.

Notificar a presente Resolución á mercantil Coto Estudios y Construcciones SL, indicándolle que contra o presente acto, que é de trámite, non cabe interposición de recurso algún, sen prexuízo de que interpoña o que estime procedente fronte ao acto que poña fin ao procedemento”.

En data 20/01/2020, deuse traslado da Resolución da Presidencia, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, á mercantil Coto Estudios y Construcciones SL.

En data 21/01/2020 requiriuse á mercantil COPCISA SA, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público e correo electrónico autorizado ao efecto, para que emendara a documentación achegada achegara documentación actualizada, dado o tempo transcorrido dende a achega da documentación indicada na cláusula 17 do PCAP, concedéndolle un prazo de 3 días hábiles, tendo en conta o establecido na indicada cláusula 17.

Por escrito de data 22/01/2020, a mercantil COPCISA SA, achegou a documentación solicitada.

Pola Xunta de Goberno, en data 06/03/2020 aprobouse o seguinte acordo:

1º.- “Adxudicar a execución da obra PORTOMARÍN.- Construción centro de atención a persoas maiores – apartamentos tutelados e centro de día conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01/03/2019 , á mercantil COPCISA SA, representada por D. Javier Sal Pérez, baixo a condición suspensiva da efectiva disposición das habilitacións necesarias para o inicio das obras, momento a partir do cal se notificará ó adxudicatario o prazo para formalizar o contrato administrativo. As condicións da oferta da adxudicataria, a executar unha vez cobre eficacia o acordo de adxudicación e verificadas as condicións derivadas da comprobación do replanteo, son as seguintes, segundo ten formulada entidade COPCISA SA:

O prezo de 1.449.521,39 € dos cales 131.774,67 € son de IVE (10%). O importe total de 1.449.521,39€ desglósase nas anualidades e co financiamento que se indica no recadro seguinte:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN			CONCELLO	TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC		
2018	2315.622 / 2315.622.55	379.950,30€	RC-22018/36110	0,00€	379.950,30€
2019		496.076,03€	RC-22019/2300-RC-220189/537	200.000,00€	696.076,03€
2020		373.495,06€	RC-220199/44	0,00€	373.495,06€
TOTAL		1.249.521,39 €		200.000,00€	1.449.521,39 €

Un seguimento de obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam.

A elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM).

Un aumento do prazo de garantía de 24 meses, (por enriba dos 12 obrigatorios), o que supón un total de 36 meses.

Unha redución do prazo de execución de 2 meses, resultando así un prazo de execución de 10 meses.

Un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 33.332,28 € máis IVE (21%).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o seguimento de obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam; a elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM); o aumento do prazo de garantía ofertado; a redución do prazo de execución ofertada e o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas ofertado, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

2º.- Notificar ao adxudicatario que lle será comunicada a data para a formalización do contrato unha vez se verifiquen os requisitos previstos nas cláusulas 18 e 19 do PCAP, como condición necesaria para a iniciación da obra.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar, cando proceda, o documento administrativo contractual”.

A mercantil COPCISA SA, presentou escrito de 10 de marzo de 2020 no solicita “se tenga por retirada la proposición presentada y se proceda a la devolución de la garantía depositada...”.

En data 03/04/2020, a vista dos antecedentes e documentación incorporada ao expediente, pola Presidencia ditouse a seguinte Resolución:

“Primeiro. Deixar sen efecto o acordo de adxudicación do contrato para execución da obra obra de: Portomarín. Construción centro de atención a persoas maiores- apartamentos tutelados e centro de día acordado con data de 6 de marzo de 2020, e ter por retirada a oferta e ordear a devolución da garantía definitiva identificada polo contratista consistente en aval Bancario da entidade Bankia de data 25 de xuño de 2019 por importe de 65.887,34€.

Segundo.- Notificar á COPCISA con indicación de que Contra o presente acordo, que é definitivo en vía administrativa poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes ante O mesmo órgano que o dictou ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo perante Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ó da recepción da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Contra a resolución presunta do recurso de reposición, que terá lugar transcorrido un mes desde a interposición do mesmo sen que fora notificado, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante xulgado contencioso administrativo no prazo de seis meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que a Resolución do referido recurso de reposición se debería ter notificado de forma expresa (un mes desde a interposición do mesmo), todo iso de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa en

relación cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo común e das Administracións Públicas.

Terceiro .- Continuar o procedemento de conformidade cos artigos 150.2 e 153.4 da LCSP unha vez se declare a finalización do estado de alarma.

Cuarto.- Dar traslado á unidade de obras , ó servizo de intervención o servizo de arquitectura e o servizo de Benestar.

Quinto.- Dar conta do presente na vindeira Xunta de Goberno que se celebre”.

En data 03/04/2020, notificouse a Resolución da Presidencia de data 03/04/2020 á mercantil COPCISA SA a través da plataforma de contratos do sector público.

En data 21/07/2020 requiriuse á mercantil Coto Estudios y Construcciones SL, como licitador seguinte na clasificación das ofertas, para que presentara a documentación establecida na cláusula 17 do PCAP, no prazo de 10 días hábiles.

A mercantil Coto Estudios y Construcciones SL, presentou en data 06/08/2020, a documentación requirida.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Coto Estudios y Construcciones SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Coto Estudios y Construcciones SL representada por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Vior Fernández, a execución da obra denominada Portomarín.- Construción centro de atención a persoas maiores – apartamentos tutelados e centro de día conforme ao proxecto técnico aprobado



pola Xunta de Goberno de data 01/03/2019, baixo a condición suspensiva da efectiva disposición das habilitacións necesarias para o inicio das obras, momento a partir do cal se notificará ó adxudicatario o prazo para formalizar o contrato administrativo.

As condicións da oferta da adxudicataria, a executar unha vez cobre eficacia o acordo de adxudicación e verificadas as condicións derivadas da comprobación do replanteo, son as seguintes, segundo ten formulada entidade Coto Estudios y Construcciones SL:

O prezo de 1.430.000,00 € dos cales 130.000,00 € son de IVE (10%). O importe total de 1.430.000,00 € desglósase nas anualidades e co financiamento que se indica no recadro seguinte:

Un seguimento de obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam.

A elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM).

Un aumento do prazo de garantía de 24 meses, (por enriba dos 12 obrigatorios), o que supón un total de 36 meses.

Unha redución do prazo de execución de 2 meses, resultando así un prazo de execución de 10 meses.

Un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 10.000,00 € máis IVE (21%).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o seguimento de obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam; a elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM); o aumento do prazo de garantía ofertado; a redución do prazo de execución ofertada e o programa

de divulgación e posta en valor das obras executadas ofertado, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Notificar ao adxudicatario que lle será comunicada a data para a formalización do contrato unha vez se verifiquen os requisitos previstos nas cláusulas 18 e 19 do PCAP, como condición necesaria para a iniciación da obra.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente Acta ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, O Presidente levanta a sesión, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu o Secretario da mesa, Certifico, asinándose dixitalmente a presente acta a efectos de deixar constancia do acontecido na sesión da Mesa de Contratación telemática referida no encabezado”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Coto Estudios y Construcciones SL representada por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Vior Fernández, a execución da obra denominada PORTOMARÍN.- Construción centro de atención a persoas maiores – apartamentos tutelados e centro de día conforme ao proxecto técnico

aprobado pola Xunta de Goberno de data 01/03/2019, baixo a condición suspensiva da efectiva disposición das habilitacións necesarias para o inicio das obras, momento a partir do cal se notificará ó adxudicatario o prazo para formalizar o contrato administrativo.

As condicións da oferta da adxudicataria, a executar unha vez cobre eficacia o acordo de adxudicación e verificadas as condicións derivadas da comprobación do replanteo, son as seguintes, segundo ten formulada entidade Coto Estudios y Construcciones SL:

O prezo de 1.430.000,00 € dos cales 130.000,00 € son de IVE (10%). O importe total de 1.430.000,00 € desglósase nas anualidades e co financiamento que se indica no recadro seguinte:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN		CONCELLO	TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE		
2018	4530.62255 / 4530.622	379.950,30€	0,00€	379.950,30€
2019		496.076,03€	200.000,00€	696.076,03€
2020		353.973,67€	0,00€	353.973,67€
TOTAL		1.230.000,00 €	200.000,00€	1.430.000,00 €

Un seguimento de obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam.

A elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM).

Un aumento do prazo de garantía de 24 meses, (por enriba dos 12 obrigatorios), o que supón un total de 36 meses.

Unha redución do prazo de execución de 2 meses, resultando así un prazo de execución de 10 meses.

Un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 10.000,00 € máis IVE (21%).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán

esta condición, as seguintes: o seguimento de obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam; a elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM); o aumento do prazo de garantía ofertado; a redución do prazo de execución ofertada e o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas ofertado, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Notificar ao adxudicatario que lle será comunicada a data para a formalización do contrato unha vez se verifiquen os requisitos previstos nas cláusulas 18 e 19 do PCAP, como condición necesaria para a iniciación da obra.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

5º.- Facultar á Presidencia para asinar, cando proceda, o documento administrativo contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTAS DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES PLAN ÚNICO 2019.**

**Primeiro.-** *Escrito do Concello de Foz, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos (remanentes) do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Foz, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (remanentes) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”.

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta Deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

#### Concello de Foz

O Concello de Foz presentou Anexo III de obras incluídas con cargo a remanentes no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
FOZ	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARONTE	1531.76201	17.893,09€

Así mesmo, por escrito de data 17/09/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; conséntase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FOZ	REM	LIQUIDACIÓN ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARONTE	1531.76201	--	3.592,11€	3.592,11€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Foz, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Foz e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FOZ	REM	LIQUIDACIÓN ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARONTE	1531.76201	--	3.592,11€	3.592,11€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Escrito do Concello de Folgoso do Courel, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento nº 95 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Folgoso do Courel, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos Nº(95) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”.

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”.



O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

#### Concello de Folgoso do Courel

O Concello de Folgoso do Courel presentou Anexo III de obras incluídas con cargo a remanentes no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
FOGOLSO DO COUREL	95	AFIRMADO DE CAMIÑO DE CAMPELO A MILLARES, INCUÍDO HONORARIOS	1531.76201	594,00€

Así mesmo, por escrito de data 18/09/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; conséntase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FOGOLSO DO COUREL	REM	LIQUIDACIÓN AFIRMADO DE CAMIÑO DE CAMPELO A MILLARES, INCUÍDO HONORARIOS	1531.76201	689,73€	594,00€	1.283,73€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta

Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Folgoso do Courel, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Folgoso do Courel e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FOLGOSO DO COUREL	REM	LIQUIDACIÓN AFIRMADO DE CAMIÑO DE CAMPELO A MILLARES, INCUÍDO HONORARIOS	1531.76201	689,73€	594,00€	1.283,73€

2º.-Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Escrito do Concello de Pobra do Brollón, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 235 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pobra de Brollón, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (235) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”.

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

#### Concello de Pobra de Brollón

O Concello de Pobra do Brollón presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
POBRA DO BROLLÓN	235	EXECUCIÓN DE ACCESOS AO EDIFICIO MULTIUSOS MUNICIPAL, INCLUÍDO HONORARIOS	9330.76201	6.134,37€

Así mesmo, por escrito de data 22-09-2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
POBRA DO BROLLÓN	REM	MELLORA DE ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO MULTIUSOS MUNICIPAL, INCLUÍDO HONORARIOS	9330.76200	14.116,68€	6.134,37€	20.251,05€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Pobra do Brollón, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Pobra do Brollón e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
POBRA DO BROLLÓN	REM	MELLORA DE ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO MULTIUSOS MUNICIPAL, INCLUÍDO HONORARIOS	9330.76200	14.116,68€	6.134,37€	20.251,05€

**2º.-** Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Cuarto.-** *Escrito do Concello de O Saviñao, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 299 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O Saviñao, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (299) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración

responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

#### Concello de O Saviñao

O Concello de O Saviñao presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
O SAVIÑAO	299	MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: A UCHA, A PORTELA, PIÑEIRÓ, PACIOS, A BUGALLA, A CANDAIRA, MOURELOS, CÓRNEAS, VILLAESTEVA, O VAL, ALPERIZ, CASANOVA, TROIFIL, O PIMENTO, AYAZ E A DEVESA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76200	29.633,75

Así mesmo, por escrito con RE de data 23/09/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; conséntase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
O SAVIÑAO	REM	SUBMINISTRO DE FORMIGÓN PARA ADECUACIÓN DE ESTRADAS EN OUTEIRO-CANDAIRA, VILACAÍZ, VILATÁN, GALEGOS, MARRUBE-CASTIÑEIRAS, TOUZA, FORCADOS, SAN VITORIO, SAN VITORIO-AS TRABES, SEGÁN, AGRA E VILARELLO	1531.76200	--	29.593,39€	29.593,39€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de O Saviñao, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Saviñao e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
O SAVIÑAO	REM	SUBMINISTRO DE FORMIGÓN PARA ADECUACIÓN DE ESTRADAS EN OUTEIRO-CANDEIRA, VILACAÍZ, VILATÁN, GALEGOS, MARRUBE-CASTIÑEIRAS, TOUZA, FORCADOS, SAN VITORIO, SAN VITORIO-AS TRABES, SEGÁN, AGRA E VILARELLO	1531.76200	--	29.593,39€	29.593,39€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.-** *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes coa finalidade común de colaborar na mellora da cuberta de palla do centro de interpretación da reserva da biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins común de mellora da cuberta de palla do centro de interpretación da reserva da biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá, consta no mesmo:

Solicitud de do Concello de Cervantes con número de expediente no GTM: 2020/PES\_03/014039, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7GU62IPBE76TRJ6FYEG5CF4M.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7GUL7IHEEMJ26T4MABOYPPCI.

Borrador do convenio con CSV: IV7GU62IPAGJRB6W5NTI4HVI4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de mellora da cuberta de palla do centro de interpretación da reserva da biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá, con un orzamento total de 48.254,80 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 48.254,80 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Alfoz coa finalidade común de colaborar na construción de nave almacén de maquinaria, incluído honorarios.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Alfoz para a execución dos fins común de construción de nave almacén de maquinaria, incluído honorarios, consta no mesmo:

Solicitud de Concello de Alfoz con número de expediente no GTM: 2020/PES\_03/013699, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7GUIHJB5FZ5GNM3REN4MQ64Y.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7GUIHJZX44T2NZSAIH4BAFIM.

Borrador convenio con CSV: IV7GUIHJABUTJ6OSSQX4K42UL4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de construción de nave almacén de maquinaria, incluído honorarios, con un orzamento total de 119.742,30 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 115.307,30 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol coa finalidade común de colaborar na construción de instalacións complementarias para uso deportivo, iluminación e accesos.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins común de construción de instalacións complementarias para uso deportivo, iluminación e accesos, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Pol con número de expediente no GTM: 2020/PES\_03/014928, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7GUPXSLVHKQTEIUYEEN5CQAA.

Borrador de convenio con CSV: IV7GUPXSLUGOJWFOQ4XMMVD7PY.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7GUPXSDAB2ZJPYCDQHEUTVME.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de construción de instalacións complementarias para uso deportivo, iluminación e accesos, con un orzamento total de 435.842,00 euros.

**2º.-** Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 392.257,80 euros, dos que 196.128,90 € son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020 e 196.128,90 € con cargo á anualidade de 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio

de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2021 a cantidade de 196.128,90 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Cuarto.-** *Convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón, para a realización conxunta dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de compra de tractor de segunda man e compra de rozadoira nova.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón, para a realización conxunta dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “compra de tractor de segunda man e compra de rozadoira nova”; e do gasto, por importe de 57.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do Concello da Pobra do Brollón, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

O Concello da Pobra do Brollón solicitou, o 6 de agosto de 2020, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación para a realización conxunta dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “compra de tractor de segunda man e compra de rozadoira nova”.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma, informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 13 de agosto de 2020, que se expresa nos seguintes termos:

## “Antecedentes

A Deputación Provincial de Lugo é unha entidade local de carácter territorial que: presta servizos directos aos cidadáns; coordina os servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada dos mesmos; presta asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos da provincia de Lugo; e presta, así mesmo, servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal.

Pero, ademais, ten a competencia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Pola súa banda, don Ricardo Rodicio González, tenente de alcalde e alcalde en funcións do Concello da Pobra do Brollón, en virtude de decreto nº: 2020-0082, cuxa copia consta no expediente; en nome e representación do dito Concello, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o 6 de agosto de 2020 escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta coa Deputación Provincial de Lugo dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de compra de tractor de segunda man e compra de rozadoira nova.

Dito escrito acompáñase de:

Modelo normalizado de solicitude de convenio interadministrativo de cooperación, xunto cos seus anexos, isto é:

Anexo I.- Memoria explicativa e xustificadora da solicitude de relación interadministrativa de cooperación a formalizar mediante a sinatura dun convenio interadministrativo.

Anexo II.- Orzamento e financiación do convenio interadministrativo co que se formalizará a técnica de cooperación.

Anexo III.- Declaración doutras axudas/achegas convenio interadministrativo.

Declaración responsable na que se indica que a entidade solicitante: está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; non ten débedas en período executivo coa Deputación Provincial de Lugo e coa Xunta de Galicia; e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro de axudas públicas.

Achégase, ademais, memoria explicativa dos fins e obxectivos perseguidos co convenio suscitado, que se expresa nestes termos:

O concello da Pobra do Brollón é un municipio cunha extensión total de 176,71 km<sup>2</sup>, tendo un carácter eminentemente rural onde, incluso os núcleos que poden considerarse máis urbanos teñen unha clara composición e estrutura rural, con amplas zonas verdes e numerosos viais que entraman os diversos puntos de poboación.

A súa estrutura territorial e a distribución poboacional ao longo de 22 parroquias, con numerosos parques, xardíns e áreas naturais ademais de moitos kilómetros de rede viaria de titularidade municipal, polo que os traballos de mantemento e adecentamento das mesmas corresponden ao ente local. O feito de contar con espazos tan amplos nos que deben levarse a cabo traballos de mantemento e rozas, fai necesario contar con persoal que poida integrar unha brigada destinada a estas actuacións.

A día de hoxe, o persoal municipal que pode desenvolver estas funcións son peóns multidisciplinares que atenden a diversas actuacións de mantemento de espazos e bens municipais. Neste sentido é fundamental que as persoas que realizan estas labores teñan a súa disposición ferramentas axeitadas que permitan a súa execución dun xeito eficiente, tanto económico como temporalmente. Neste momento, o Concello da Pobra do Brollón non conta con ferramentas para o desenvolvemento das labores descritas, polo que as mesmas se realizan de xeito pouco eficiente e os resultados non son todo o óptimos que deberían ser, de aí a necesidade de comprar un tractor de segunda man e unha rozadoira nova, coa finalidade de diminuír o deterioro e mal estado de conservación na maior parte das vías municipais do Concello da Pobra do Brollón.

A Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, establece as competencias do concello en materia de actuación e mantemento da rede de estradas municipais. Tamén se definen as colaboracións de financiación de actuación entre administracións (artigo 30: Financiación das actuacións, no seu apartado c, indica que unha actuación sobre a rede viaria pode ser financiada “Mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais, comunitarios ou internacionais, ou con particulares”).

Polo tanto, un dos obxectivos importantes do goberno municipal é lograr que os espazos públicos do concello teñan o estado idóneo para o seu uso e desfrute por parte da poboación en xeral, convertendo cada parroquia nun lugar acolledor e accesible para ser centro de relacións sociais e espaxamento.

Deste xeito lograremos unha conciencia colectiva de pertenza orgullosa a un rural galego que pode contar con moitas potencialidades se recibe os coidados e atencións que precisan. Este proceso debe comezar polo cumprimento do mellor xeito posible dos deberes de conservación e coidado por parte das administracións públicas.

Tendo en conta tamén as competencias definidas na aplicación da lexislación vixente (Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), onde se definen as competencias dos concellos (no seu artigo 25) e da Deputación Provincial (no seu artigo 36); así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que expresa as funcións de apoio técnico, económico e administrativo que a Deputación debe prestar aos Concellos con menor poboación (menos de 5.000 habitantes) para acadar o seu completo desenvolvemento económico e social.

Polo tanto, consideramos que o procedemento de convenio interadministrativo de Cooperación é o máis axeitado para definir esta colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón, tal e como recolle o artigo 50 da Lei 40/2015: Trámites preceptivos para a subscripción de convenios, e os seus efectos. No seu apartado 1, indica que “Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, será necesario que o convenio se acompañe dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e



oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto nesta Lei”.

Tendo en conta o exposto, consideramos a necesidade de solicitar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo para poder afrontar a adquisición de maquinaria para a realización das labores de mantemento de zonas verdes, e da rede viaria municipal, dado que a actual situación económica municipal, nun estado de suma debilidade, non permite afrontar en solitario dito investimento.

Existe un fin común fundamental para ambas entidades, que non é outro que o desenvolvemento económico e social do territorio, neste caso dos habitantes do Concello da Pobra do Brollón, como concello pertencente á provincia de Lugo. Establecerase polo tanto, un convenio de colaboración para a adquisición de compra de maquinaria agroforestal, composta de 1 tractor de segunda man e un rozadoira nova para a roza e mantemento das zonas rurais, tal e como se desglosa na seguinte táboa: “Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na compra dun tractor de segunda man e rozadoira nova para a roza e mantemento das zonas rurais. Ano 2020”.

MAQUINARIA	DESCRIPCIÓN	TIPOLOXÍA	PREZO
Tractor 2ª man	Tractor 2ª man	Potencia aprox. 100 cv. Transmisión – inversor hidráulico con 4 marchas baixo carga. Chasis integral de aceiro forxado para grandes esforzos. Alto: 2,65 m. Frenos de disco bañados en hidráulico. Tracción 4X4 Toma de forzas hidráulica con 540/540/1000	41.356,78 €
Rozadoira nova	Trituradora	Chasis reforzado. Toma de forzas 540 ou 1000. Doble transmisión. Rotor con martelos oscilantes de tornillo. 4 Correas de arrastre. Xiro en cabezal para mellor adaptación ao terreo. Patíns regulables en altura	8.230,00 €
IMPORTE TOTAL	(sen IVE)		49.586,78 €
IVE	(21 %)		10.413,22 €
IMPORTE TOTAL	(con IVE)		60.000,00 €

O Concello da Pobra do Brollón comprométese á aportación de Fondos Propios dun 5% sobre o total da inversión a realizar, o que supón unha cantidade de 3.000,00 € (Tres mil euros),

polo que o importe restante máximo que debe facer fronte a Deputación Provincial de Lugo (95%) é de 57.000,00 € (cincoenta e sete mil euros).

ORGANISMO	% SOBRE TOTAL	IMPORTE (€)
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	95 %	57.000,00 €
CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN (F.P.)	5 %	3.000,00 €
TOTAL	100 %	60.000,00 €

#### Consideracións legais e técnicas

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56, do 10 de marzo de 2011 (en adiante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e

coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d):

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Así, segundo o artigo 141.1.d) da mesma lei:

As Administracións Públicas deberán:

(...).

d) Prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor serva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (...).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA que:

As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxuntamente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

8. Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello da Pobra do Brollón configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

Na dita relación de cooperación a Deputación de Lugo efectuará unha achega de 57.000 € para sufragar parte dos gastos derivados da execución da actividade obxecto do convenio e o cumprimento dos seus fins, isto é, a compra dun tractor de segunda man e dunha rozadoira nova.

O concello de Foz comprométese, pola súa banda, á aportación, con fondos propios, dun 5% sobre o total da inversión a realizar, o que supón unha cantidade de 3.000 €.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que un axeitado mantemento das zonas verdes do Concello proponente contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento social, especialmente en concellos rurais, como o da Pobra do Brollón, nos que estas zonas teñen un gran protagonismo, converténdose en centros de relacións sociais e esparexamento.

Por outra banda, neste tipo de concellos, de marcado carácter rural, as infraestruturas viarias están, na súa maior parte, delimitadas por zonas verdes, que cómpre manter en boas condicións para sacarlle todo o partido, cun aproveitamento pleno e seguro, á rede viaria; todo o que contribuirá a unha mellora das comunicacións destes núcleos de poboación, o que tamén contribúe ao desenvolvemento económico dos mesmos.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Para maior abastanza, no caso que nos ocupa é de aplicación o artigo 30 do TRRL, segundo o cal:

A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

a) os medios económicos propios da mesma que se asignen.

(...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...).

As formas de cooperación serán (...):

h) A subscrición de convenios administrativos.

Pola súa banda, o concello da Pobra do Brollón consonte ao artigo 25 da LRBRL:

Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestaros servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos deste artigo.

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, (...).

(...).

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

(...).

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

(...).

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Polo tanto, sendo competencias propias do Concello da Pobra do Brollón: o medio ambiente urbano, en particular, no que a parques e xardíns públicos se refire; a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; a prevención e extinción de incendios e a promoción das instalación de ocupación do tempo libre, queda lexitimada a competencia do concello na execución do amentado proxecto.

Ademais, tendo en conta que o concello solicitante da formalización do convenio é, tal e como quedou exposto, un concello cun carácter eminentemente rural, con amplas zonas verdes e de espaxamento, é evidente que o proxecto que se promove contribúe de xeito directo a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal.

Por se fora pouco, a subscripción deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de



colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59.18 do RODPL:

Corresponde á Xunta de Goberno conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

Pola súa banda, dispón a Base 24ª.4, das de execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, que:

O órgano competente para o outorgamento de subvencións en réxime de concesión directa é o presidente, a proposta do delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega económica de 57.000 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco daquel.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello da Pobra do Brollón, para a realización conxunta dunha actividade

na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “compra de tractor de segunda man e compra de rozadoira nova”, por importe total de 60.000 €, dos que 57.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 3.000 € a cargo do Concello da Pobra do Brollón.

O gasto, por importe de 57.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do Concello da Pobra do Brollón, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

Consta no expediente, así mesmo, informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 19 de agosto de 2020, relativo á tramitación do amentado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 18 de setembro de 2020.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón, para a realización conxunta dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “compra de tractor de segunda man e compra de rozadoira nova”, por importe total de 60.000 €, dos que 57.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 3.000 € a cargo do Concello da Pobra do Brollón.

**2º.-** Aprobación do gasto, por importe de 57.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do Concello da Pobra do Brollón, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Quinto.-** *Convenio da subvención excepcional outorgada pola Excmá Deputación Provincial de Lugo a entidade CTV S.A. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “O sabor das margaridas” 2º tempada, na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade CTV S.A. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “O sabor das margaridas-2º tempada” durante a anualidade 2020, polo importe 120.000,00 € constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2020 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 3,1-) "Turismo" apartado d), titulada "Outras actuacións específicas" da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do PES da Deputación de Lugo 2020-2022.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 120.000,00 €, a favor da entidade CTV S.A., para sufragar os gastos derivados da actuación denominada "O sabor das margaritas" 2º tempada, na anualidade 2020, subvención incluída na Liña 3,1-) "Turismo" apartado d), titulada "Outras actuacións específicas" da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do PES da Deputación de Lugo 2020-2022.

**2º.-** Aprobar o gasto de 120.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 4320.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 a favor da entidade CTV S.A., para sufragar gastos derivados da actuación denominada "O sabor das margaritas" 2º Tempada.

**3º.-** Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Sexto.-** *Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, co obxecto*

*de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do local social” na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do Local Social”, polo importe de 16.645,00 €, correspondente á anualidade 2020, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é a adecuación do local social da Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, situado na denominda Capela de San Antonio, na parroquia de Carballido, facilitando e mellorando as condicións de uso e disfrute por parte dos veciños. Facilítase a participación dos veciños na vida económica, social, política e cultural, removendo os obstáculos que o “feito rural” normalmente conleva.

A actuación incrementará os niveis de colaboración da cidadanía e do asociacionismo veciñal, desa parroquia, do municipio, con repercusión favorable na provincia en xeral: En consecuencia, xera riqueza, entendida “*lato sensu*”, como calidade de vida, superadora dunha perspectiva meramente monetarista.

A actuación proxectada responde a unha determinación colaborativa de conservar o patrimonio construído, mediante a axuda mutua de poderes públicos e asociacións particulares, neste caso veciñais.

Ante o despoboamento do rural e o limitado dos recursos, a sociedade civil implícase con prestacións persoais e económicas, así como a axuda dos poderes públicos para manter niveis de vida e cohesión social. A conservación do Patrimonio construído caracteriza a sociedade na que se

ubica, xunto coas autoridades e poderes públicos que o fomentan, máxime se ese Patrimonio foi berce de historia.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobado a excepcionalidade e outorgado a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 16.645,00 €, a favor da entidade Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do Local Social”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

**2º.-** Aprobado o gasto de 16.645,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do Local Social”.

**3º.-** Aprobado o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Sétimo.-** *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia da terceira idade e centro de día).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 24 de setembro de 2020, no que literalmente se establece:

“Asunto: modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia da terceira idade e centro de día) no municipio de Cervantes.

Vistos os escrito remitidos polo alcalde do concello de Cervantes nos que se solicita unha rectificación de erros e unha serie de modificacións no convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia de terceira idade e centro de día) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe

Antecedentes de feito,

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 15 de maio de 2019, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

“1.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro de atención a persoas maiores nese municipio, cun orzamento total de 1.663.525,00 €: A achega da Deputación ascende a contía 1.463.525,00 € e a do Concello de Cervantes a 200.000,00 €.

2.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 1.463.525,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2315.650.09, coa seguinte distribución por anualidades:

Exercicio económico 2019: 240.000€

Exercicio económico 2020: 423.525€

Exercicio económico 2021: 400.000€

Exercicio económico 2022: 400.000€



A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 423.525 €, na anualidade 2021 a cantidade de 400.000 € e na aluade 2022 a cantidade de 400.000 €.”

O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia de terceira idade e centro de día), formalizouse o 20 de maio de 2019.

No escrito remitido dende o Concello de Cervantes solicítase literalmente o seguinte:

“Visto o Convenio anteriormente referenciado asinado o día 20 de maio de 2019, e á vista das dúbidas que xeran algunhas cláusulas do mesmo, en concreto:

A cláusula terceira referida aos compromisos que asumen as partes e cláusula cuarta.2.2 relativa ás achegas do Concello: deberá eliminarse a obrigatoriedade de que a parcela para ceder polo Concello sexa necesariamente una das tres estipuladas.

Consta solicitude asinada polo alcalde de data 8 de maio de 2019, na que solicita a firma do convenio de colaboración para a posta en marcha dun centro de atención a persoas maiores (residencia de terceira idade e centro de día) no Concello de Cervantes (Lugo) na que se reflicte que o emprazamento das instalacións situarase na localidade de San Román, capital do Concello e lugar no que se atopan os principais servizos existentes no mesmo. Considérase que é o lugar óptimo para a súa localización, xa que conta con núcleo de poboación debidamente delimitado, varias parcelas de tamaño suficiente como para acoller as instalacións, servizos básicos de abastecemento de auga, electricidade, saneamento e acceso rodado, centro de saúde na propia localidade, e acceso rápido mediante boas vías de comunicación tanto coa cabeceira de comarca (Becerreá), como coa capital provincial. Existen dentro do núcleo varias alternativas para a situación da residencia entre as diferentes parcelas existentes, as cales presuntamente presentan as características mínimas necesarias para acoller o proxecto. Coa posta en funcionamento do

Convenio de colaboración levará a cabo a adquisición dos terreos necesarios, a través do procedemento máis idóneo recolleito na normativa vixente.

Propóñense nese documento tres posibles alternativas para o emprazamento das instalacións a título indicativo e non vinculante, xa que como se indicou, o procedemento de adquisición dos terreos deberá seguir o procedemento legalmente establecido. Todas as propostas atópanse no núcleo de poboación de San Román, e considéranse acomodadas para os fins perseguidos serían:

Alternativa 1:Ref. Cat. 8683302PH5488S0001FA

Alternativa 2:Ref. Cat. 8387801PH5488N0001ME

Alternativa 3:Ref. Cat. 8681801PH5488S0001GA

Tamén deberán definirse no convenio as características e condicións da edificación para determinar as condicións urbanísticas que debe reunir a parcela que debe adquirir o concello para poder albergar o centro de día e a residencia, a efectos de poder elaborar o prego de cláusulas para proceder á adquisición.

A cláusula cuarta.2.1 referida ás achegas financeiras do Concello: Deberá reaxustarse o desglose das achegas financeiras do Concello ás anualidades vixentes a partir da aprobación do Convenio polo órgano municipal competente (no seu caso, anualidades 2020 a 2023).

A cláusula cuarta.3.4 relativa á titularidade dos resultados da cooperación: Deberá especificarse a cal das administracións corresponderá a titularidade da construción que se pretende executar (Concello de Cervantes ou Deputación Provincial de Lugo) unha vez finalizadas as obras, a fin de que por parte do Concello se analice a viabilidade, no seu caso, de asumir os gastos de conservación e mantemento da futura instalación.

A cláusula décimo primeira que dispón “Extínguese o convenio de colaboración asinado o 3 de maio de 2011 ao decaer os compromisos asumidos polas partes, procedendo á súa liquidación no prazo máximo de 3 meses a contar desde a firma do presente convenio administrativo de cooperación. Os fins e compromisos obrigacionais daquel convenio do 3 de maio de 2011,

enténdense substituídos para todos os efectos polo presente” deberá ser eliminada xa que non consta neste Concello a firma de tal convenio. ”

Deste xeito, segundo se desprende da documentación que obra no expediente, preténdese a modificación das das seguintes cláusulas:

A cláusula terceira, sobre as obrigas e compromisos das partes.

A cláusula cuarta, sobre o réxime económico.

A cláusula décimo primeira (que desaparece).

A cláusula décimo segunda (que pasa a ser a décimo primeira).

Polo que as cláusulas referenciadas, quedarían redactadas do seguinte xeito:

Obrigas e compromisos das partes.

“3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar o financiamento previsto na cláusula “cuarta”.

Redactar e aportar o proxecto técnico para a construción do centro residencial.

Obter os permisos e autorizacións sectoriais necesarias para a construción do equipamento, agás os que sexan de competencia e intervención municipal e necesarios para obter as licencias urbanísticas así como os títulos municipais habilitantes para o apertura e exercicio da actividade do centro residencial.

Actuar como órgano de contratación e tramitar a contratación das obras, nas distintas fases, ata a súa recepción e liquidación do contrato para construír o centro residencial, obxecto deste convenio, con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e restante normativa de aplicación.

Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Licitar, rematar e recibir as obras do centro de atención a persoas maiores, na data límite do 31 de xaneiro de 2023, que se executarán preferentemente nunha parcela da localidade de San Román, capital do Concello, que cumpra coas condicións e requisitos establecidos no Proxecto e no estudo xeotécnico. Parcela que deberá achegar o Concello.

Recibir as obras contratadas, conforme aos trámites previstos nos artigos 243 e concordantes da Lei 9/2018, do 8 de novembro ( LCSP).

Convidar á representación institucional do Concello de Cervantes aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.

Difundir a colaboración prestada por ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou similares), facilitadas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

Comunicar o acordo polo que se aproba este convenio ao Concello de Cervantes.

A Titularidade do Centro residencial será da Deputación de Lugo.

### 3.2. O Concello de Cervantes

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Cervantes, comprométese ao seguinte:

Prestar a colaboración requirida para que a Deputación execute os compromisos asumidos nos apartados precedentes e, en xeral, en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

Aportar o terreo necesario (preferentemente da localidade de San Román, capital do Concello) para a construción da residencia libre de cargas e gravames e urbanisticamente idóneo e que cumpra coas condicións e requisitos establecidos no Proxecto e no estudo xeotécnico, a fin de poder realizar as obras de construción por parte de Deputación e recibilas como órgano de contratación.

Efectuar as achegas económicas prevista na cláusula cuarta.

Tramitar e conceder as autorizacións, licenzas e permisos que competencia municipal necesarias para a execución das actuacións indicadas, con celeridade.

Aplicar as bonificacións que sexan legalmente posibles aos tributos municipais que recaen na construción do centro residencial e de ser o caso ás autorizacións requiridas tanto para construción, como para a posta en funcionamento.

Comparecer ao trámite de acta recepción das obras contratadas pola Deputación.

Encargarse da organización dos eventos que poidan derivarse da posta en funcionamento do centro de atención a persoas maiores de Cervantes.

Convidar á representación institucional de Deputación aos actos oficiais relativos a execución das obras e posta en funcionamento do centro de atención a persoas maiores de Cervantes.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fins.

Colaborar coa Deputación para cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Aprobar, polo órgano que resulte competente, este convenio no prazo de un mes desde a aprobación pola Deputación e comunicar dito acordo ao ente provincial.”

Réxime económico.

“1.- Achega financeira da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 1.463.525,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio de acordo coas actuacións que figuran na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentarias 2315.650.09, do orzamento xeral da Deputación de Lugo das anualidades 2019 e 2020, na modalidade de gasto plurianual, supeditándose a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2020: 423.525,00€

Ano 2021: 400.000,00€

Ano 2022: 400.000,00€

Ano 2023: 240.000,00€

2.-Achega do Concello:

O Concello de Cervantes aportará 200.000,00 €, para a construción do centro de atención a persoas maiores do municipio de Cervantes, conforme ao seguinte desglose:

Ano 2020: 50.000,00 €

Ano 2021: 50.000,00 €

Ano 2022: 50.000,00 €

Ano 2023: 50.000,00 € (ata o 20 de maio de 2023)

O importe a financiar polo concello de Cervantes, será ingresado na conta da Deputación ES04-2080-0163-8531-1000-\*\*\*\* de conformidade cos seguintes ítems:

A aportación farase efectiva contra certificación de obra.

O concello de Cervantes deberá remitir a Deputación Provincial os acordos adoptados de financiamento mediante certificado de retención de crédito cando proceda e, en todo caso, os compromisos de entrega de fondos en cumprimento deste convenio.

No caso de impago da cantidade a financiar polo concello de Cervantes, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.

Porén o anterior, a Deputación poderá seguir vía ordinaria para reclamar o pagamento da cantidade co concello chegase a deber a esta Deputación, autorizando á Deputación para que realice a compensación da cantidade vencida e non pagada mediante retención das entregas a conta que teña que ingresar a Deputación ao Concello. Ditas retencións practicaranse logo da tramitación do correspondente expediente contradictorio.

Poñer a disposición da Deputación provincial unha parcela preferentemente da localidade de San Román, capital do Concello, que cumpra coas condicións e requisitos establecidos no Proxecto e no estudo xeotécnico, libre de cargas e gravames con licenzas urbanísticas e permisos sectoriais necesarios para a construción do equipamento residencial. A concreción de algunha destas parcelas efectuarase no prazo máximo de 3 meses desde a sinatura deste convenio, mediante addenda ao mesmo.

Con ocasión da tramitación desa addenda incorporarase informe de viabilidade urbanística da parcela para construír na mesma o centro de atención a persoas maiores obxecto deste convenio. Na addenda precisarase as operacións de xestión patrimonial para a posta a disposición: mediante entrega da propiedade ou ben mera adscrición ou afectación, sen cambiar a titularidade do ben no

termos dos artigos 17 e/ou 25 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Baixas na licitación:

En caso de producirse baixas na licitación, a Deputación Provincial, aplicará os remanentes, por este orde aos seguintes gastos e necesidades:

Aos custes das direccións facultativas que se precisen para a execución das obras, de ser xustificadamente externalizadas. No caso de non producirse baixas as direccións facultativas nas respectivas licitacións deberán ser asumidas polo persoal do ente provincial.

Ao pagamento de tributos que se liquiden polas licencias ou títulos habilitantes que outorgue o Concello para a construción e ocupación do centro de atención a persoas maiores.

A equipar, co mobiliario esixido na normativa aplicable, dito centro.

Titularidade dos resultados da cooperación:

Os resultados da cooperación serán compartidos, nos seguintes termos:

Rematada a construción do centro de atención a persoas maiores de Cervantes, efectuarase a recepción das obras polo órgano de contratación conforme a lexislación contractual. A este trámite será convidada a representación do Concello de Cervantes.

Unha vez finalizadas as obras e antes do inicio de actividade efectuaranse as operacións patrimoniais que procedan, de conformidade coa lexislación patrimonial, a efectos de inventario da Deputación habilitando a prestación do servizo que lle compre a edificación.

A Deputación, como órgano de contratación, facilitará a documentación e antecedentes de que dispoña, a efectos de incorporar ao inventario que se determine, e para efectuar as operacións rexistradas procedentes.”



Carácter do convenio de cooperación.

“O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de

subvención, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa. “

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerían invariables, acordando ambas partes, incorporar ao Convenio de Cooperación suscrito con data 20 de maio de 2019, esta addenda, a cal se rexirá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

#### Consideracións xurídico- administrativas:

Na cláusula sexta (Duración do convenio interadministrativo) do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia de terceira idade e centro de día) establécese que:

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 01 de xaneiro de 2019 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prórroga expresa antes da finalización do prazo, o 31 de marzo de 2023, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula sétima -modificación- do citado convenio recollese que:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/201. A modificación levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

En canto ao órgano competente para aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia de terceira idade e centro de día) é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

#### Conclusiones

Por todo o exposto, revisada a documentación que obra no expediente de aprobación do convenio, conséntase a existencia dos erros alegados dende o Concello de Cervantes e informase favorablemente as modificacións solicitadas polo Concello nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a corrección de erros e as modificacións solicitadas dende o Concello de Cervantes nos termos da addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia de terceira idade e centro de día) formalizado o 20 de maio de 2019 que se incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE DATA 18 DE SETEMBRO DE 2020 RELATIVO AO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL E ROUPA DE TRABALLO.**

Dáse conta do decreto de data 18 de setembro de 2020 no que a Presidencia avoca a competencia para aprobar convidar a D. Sergio Yáñez Quiroga no procedemento de contratación da subministración de equipos de protección individual e uniformidade/ roupa de traballo destinados a plantilla desta Deputación de Lugo. A Xunta de Goberno queda enterada.

**7.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN, SE PROCEDE, DE REPRESENTANTE NA XUNTA DE COMPENSACIÓN SUNP NORTE I DO PXOU (SAAMASAS).**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O 3/3/2000 D. Domingo Núñez Núñez, Presidente dá Comisión Xestora formada polos propietarios dos terreos sitos no sector de SUNP “Norte I” do PXOU vixente, presentou no Concello de Lugo, o Plan Parcial para o desenvolvemento do devandito Sector, de uso global residencial unifamiliar.

O 30 de marzo de 2004 se constitúe a Xunta de Compensación do Sector de SUNP Norte I do PXOU (Saamasas) con domicilio social en Lugo, rúa Ángel López Pérez, nº 10, local C, constituída en virtude de escritura autorizada polo Notario D. Mario Alfonso Calvo Alonso, baixo o nº 1275 de protocolo e inscrita no rexistro xeral de entidades urbanísticas colaboradoras da Xunta de Galicia, baixo nº 59/04.

O 9 de marzo de 2011 ante o Notario José Manuel López Cedrón, baixo o nº de protocolo 830, comparecen o Ilmo. Sr. D. José López Orozco como Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e D. Domingo Núñez Núñez, como Presidente da Xunta de Compensación do Sector

SUNP Norte-I (Saamasas), proceden á protocolización do proxecto de compensación do referido Sector.

En relación coa propiedade da Deputación Provincial de Lugo, figura:

Memoria do proxecto de compensación do sector SUNP Norte-I do PXOU de Lugo.

Leira aportada pola Deputación Provincial de Lugo.

Leira nº 37

Propietario: Deputación Provincial de Lugo, en canto dominio público.

Descrición: Corresponde coa sinalada co número trinta e sete no plano que se achega.

O levantamento topográfico realizado ao efecto por técnico competente determinou unha modificación das circunstancias descritivas da parcela aportada no tocante á súa superficie real e lindeiros. Por razón do anterior e ao amparo do establecido no art.8.1 do Real Decreto 1093/1997 o presente Proxecto de Compensación constitúe título suficiente para rectificar aquela descrición nos termos seguintes:

Porción do ramal da vía de titularidade provincial denominada CP-2924, que atravesa de sur a norte os terreos incluídos no ámbito delimitado polo Plan Xeral de Ordenación Urbana do municipio de Lugo para o sector de SUNP Norte-I, da superficie aproximada de mil trescentos noventa e seis metros cadrados (1,396,00 m<sup>2</sup>), segundo descrición de plano que se achega, que linda: Ao norte, con estrada de Lugo a Ponte de Ombreiro (CP-2902); ao Sur, con máis da vía de titularidade provincial denominada CP-2924; ao Leste con leiras aportadas números un, tres, catro, seis, sete e oito; e ao Oeste, con leiras aportadas números once, dezaseis, dezasete-a, dezasete-b, vinte un-a, vinte dous, vinte tres, vinte catro, vinte cinco e trinta e catro.

Título: Correspóndelle en canto dominio público cuxa adquisición non se realizou por vía de expropiación, aínda que lle corresponderá á administración titular o aproveitamento urbanístico

correspondente ao amparo do establecido na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Cargas, gravames e arrendamentos: Libre de todos eles por mandato constitucional.

Cota de participación en equidistribución: 1,92534% tomando en consideración a superficie total dos terreos incluídos no ámbito do sector.

Parcela de reemplazo número vinte e catro-A

Adxudicatario: Deputación Provincial de Lugo.

Título: Adxudicación en canto ao cento por cento do pleno dominio con fundamento no art.118.1.b) da LOUGA no Proxecto de Compensación do sector de SUNP Norte-I do P.X.O.U. de Lugo.

Descrición: Urbana, sita na cidade e municipio de Lugo, con forma poligonal e superficie aproximada de trescentos trinta e nove metros e setenta e catro decímetros cadrados (339,74 m<sup>2</sup>), que linda: ao Norte, con parcela de reemplazo 23, ao sur, con parcela de reemplazo 24-B; ao Leste, con Paseo Palestina; e ao Oeste, con parcela de reemplazo 37.

Cota de participación no sector: Correspóndelle unha cota de 0,64737% en canto ao aproveitamento total do mesmo resultante da asignación de 780,2202 unidades de aproveitamento.

Superficie edificable asignada: 196,05 m<sup>2</sup>.

Usos asignados: Vivenda.

Vivendas asignadas: Unha (1) vivenda. Esta mención é consecuencia das determinacións do convenio urbanístico formalizado co Concello de Lugo e do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente á data de aprobación definitiva do proxecto de compensación que dá creación xurídica á parcela de reemplazo e quedará sen efecto xurídico algún desde o punto de vista urbanístico e/ou

rexistral no momento en que a revisión da planeamento xeral do municipio de Lugo elimine a limitación do número máximo de vivendas para o ámbito actualmente constituído polo sector de SUPN-Norte-I o que deixa constancia aos oportunos efectos de rectificación dos libros do Rexistro da Propiedade, a instancia do titular da parcela ben pola vía directa dos arts.39, 40 e 198 da Lei Hipotecaria e demais concordantes, ben polos medios establecidos nas normas complementarias ao Regulamento Hipotecario aprobadas en virtude do Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo.

Cargas: Afecta, con fundamento no disposto polos artigos 118.1.c) da LOUGA e 178 do Regulamento de Xestión Urbanística, ao pago do 0,71062% do importe de gastos previsto na conta de liquidación provisional e, en todo caso, á porcentaxe equivalente na liquidación definitiva da conta do proxecto.

Parcela de reemplazo número vinte e catro-B

Adxudicatario: Deputación Provincial de Lugo

Título: Adxudicación en canto ao cento por cento do pleno dominio con fundamento no art.118.1.b) da LOUGA no Proxecto de Compensación do sector de SUNP Norte-I do P.X.O.U. de Lugo.

Descrición: Urbana, sita na cidade e municipio de Lugo, con forma poligonal e superficie aproximada de trescentos trinta e nove metros e setenta e catro decímetros cadrados (339,74 m<sup>2</sup>), que linda: ao Norte, con parcela de reemplazo 24-A, ao sur, con parcela de reemplazo 40; ao Leste, con Paseo Palestina; e ao Oeste, con parcela de reemplazo 37.

Cota de participación no sector: Correspóndelle unha cota de 0,64737% en canto ao aproveitamento total do mesmo resultante da asignación de 780,2202 unidades de aproveitamento.

Superficie edificable asignada: 196,05 m<sup>2</sup>.

Usos asignados: Vivenda.

Vivendas asignadas: Unha (1) vivenda. Esta mención é consecuencia das determinacións do convenio urbanístico formalizado co Concello de Lugo e do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente á data de aprobación definitiva do proxecto de compensación que dá creación xurídica á parcela de reemplazo e quedará sen efecto xurídico algún desde o punto de vista urbanístico e/ou rexistral no momento en que a revisión do planeamento xeral do municipio de Lugo elimine a limitación do número máximo de vivendas para o ámbito actualmente constituído polo sector de SUPN-Norte-I do que deixa constancia aos oportunos efectos de rectificación dos libros do Rexistro da Propiedade, a instancia do titular da parcela ben pola vía directa dos arts.39, 40 e 198 da Lei Hipotecaria e demais concordantes, ben polos medios establecidos nas normas complementarias ao Regulamento Hipotecario aprobadas en virtude de Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo.

Cargas: Afecta, con fundamento no disposto polos artigos 118.1.c) da LOUGA e 178 do Regulamento de Xestión Urbanística, ao pago do 0,71062% do importe de gastos previstos na conta de liquidación provisional e, en todo caso, á porcentaxe equivalente na liquidación definitiva da conta do proxecto.

Polo exposto, e co fin da defensa e representación dos intereses provinciais, propono a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, que adopte o seguinte acordo:

1º.- Nomear representante da Excm. Deputación Provincial de Lugo na Xunta de Compensación do Sector de SUNP Norte I do PXOU (Saamasas) ao Secretario Xeral Adxunto, D. José Antonio Mourelle Cillero.

2º.- Nomear suplente do mesmo ao Xefe da Unidade de apoio, coordinación e xestión territorial, D. José Antonio Arias Vázquez.

3º.- Notificar o presente acordo a Xunta de Compensación do Sector de SUNP Norte I do PXOU (Saamasas).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**8.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/041.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno a proposta da Comisión de Valoración, acordou estimar a solicitude tramitada có número de expediente SUBAGR-2019/041, correspondente á dona Purificación Fuente Maceda (O Incio), destinada a “Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos Cs”, concedéndolle unha subvención por importe de 1.115,50 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Dona Purificación Fuente Maceda (O Incio), presenta escrito con data de rexistro de entrada 18 de setembro de 2020, solicitando a renuncia a subvención SUBAGR-2019/041.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder a petición formulada por dona Purificación Fuente Maceda (O Incio), e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 6 de marzo de 2020, para a Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros, por importe de 1.115,50 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA, DO PROTOCOLO FUNDACIONAL E DOS ESTATUTOS DA RED DE CIUDADES Y TERRITORIOS CREATIVOS DE ESPAÑA PARA A ADHESIÓN DESTA DEPUTACIÓN COMO SOCIA FUNDADORA, NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN ANTE A ENTIDADE, SINATURA DA ACTA FUNDACIONAL E APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE Á COTA DO ANO 2020.**

Logo de ver o informe do Servizo de Turismo, en relación co epígrafe do presente asunto, no que manifesta que se produciu un erro na redacción do mesmo, e proponse a súa corrección; a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar dita corrección, quedando redactado o epígrafe como segue: **PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA E DO PROTOCOLO FUNDACIONAL DA RED DE CIUDADES Y TERRITORIOS CREATIVOS DE ESPAÑA, NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN ANTE A ENTIDADE E SINATURA DA ACTA FUNDACIONAL.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vista a solicitude de Dona Belén Elisa Díaz Pérez, directora da Red de Ciudades y Territorios Creativos de España.

Vistos os informes do Servizo de Turismo.

Visto o informe da Secretaría Xeral Adxunta.

Visto o informe de Fiscalización.

A Deputada Delegada que subscribe, propón:

Que pola Xunta de Goberno se adopte, se procede, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a acta fundacional e o protocolo/manifesto de constitución da Red de Ciudades y Territorios Creativos de España, tal e como se recolle no punto quinto do acordo recollido na acta fundacional da Rede.

2º.- Nomear ao Presidente da Deputación ou persoa na que delegue como representante da Deputación de Lugo ante a Red de Ciudades y Territorios creativos de España.

3º.- Asinar a acta fundacional da Red de Ciudades y Territorios Creativos de España polo representante da Deputación en documento anexo á mesma, dando traslado do mesmo á Directora da Rede.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **10.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2019.**

Visto o escrito do Servizo de Deportes, no que se manifesta que se produciu un erro xa que o asunto foi aprobado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o dezaioito de setembro, a Xunta de Goberno por unanimidade, acorda deixar o asunto sobre a mesa.

#### **11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROLONGACIÓN EXTRAORDINARIA DO SERVIZO ACTIVO DUN FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que o pasado 17 de xullo de 2020, D. Luis García Parada nacido o 24 de febreiro de 1954, funcionario de carreira da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de traballo de

Xefe Sección I Informática Recadación; presentou un escrito dirixido á Presidencia desta Entidade, conformado polo Xefe do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, e da Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, no que solicita a prolongación de permanencia no servizo activo, por un ano máis.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V

#### Xubilación do persoal funcionario e laboral

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións legislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerase, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de

Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de que, polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, no servizo ao que está adscrito o funcionario estanse a desenvolver unha serie de funcións que resultan imprescindibles para o normal funcionamento do mesmo, atopándose en proceso de incorporación de novos procedementos, que se verían interrompidos na súa implantación, para o que se necesita unha persoa con experiencia no nivel do posto de traballo, persoa que se incorporou no mes de febreiro, pero que debido á actual situación derivada do Covid- 19, non foi posible a correcta formación desa persoa; polo que sería convinte que se completase a formación contable co fin de poder ver todos os procesos que se producen ao longo dun exercicio completo. Considerando que

están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 decembro 2018 a 30 de novembro do 2019) ten acadado unha valoración de Excepcional; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, o citado funcionario asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria superior; sen que exista constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal.

Tendo en conta o sinalado, vistos os informes dos servizos, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, procede que pola Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, se formule proposta á Xunta de Goberno para que adopte acordo accedendo á pretensión do funcionario de carreira, D. Luis García Parada, de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano máis, é dicir, dende o 25 de outubro de 2020 ata o 24 de outubro de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Dase conta da sentenza nº 7/2020 de 29 de xaneiro, ditada pola Audiencia Provincial de Lugo, sección nº 2 de Lugo, no Procedemento de Apelación sobre delitos leves nº 116/2019, seguido a instancia de D. David Montoya Ventos e D. Matías Montoya Ventos fronte a sentenza nº 619/2019 ditada polo Xulgado de Instrucción nº2 e en cuxo fallo dí o seguinte: “*Que desestimo el recurso de apelación interpuesto por los condenados Matías y David Montoya Ventos y confirmo la sentencia recurrida en su integridad. Esta resolución es firme.*”. A Xunta de Goberno queda enterada.

### **13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.